

A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Claustro Universitario, que tivo lugar o día 16 de outubro de 2020, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2019.
- * Emisión de informe favorable sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- * Emisión de informe favorable sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Deseño.
- * Emisión de informe favorable sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Relacións Internacionais.
- * Creación da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo.
- * Creación da comisión de traballo para a elaboración do Regulamento de Inspección da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación do inciso j) nos artigos 11.2º e 30.7º do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do regulamento da Valedoría Universitaria da Universidade de Vigo.
- * Adhesión ao documento de apoio ás Universidades públicas galegas.
- * Acordo favorable sobre a incorporación ao Claustro das persoas que ocupan os Decanatos e Direccións dos Centros.
- * Foi elixida membro da Mesa do Claustro polo sector estudantes:
 - Paula Gil Hidalgo
- * Foron elixidos membro do Consello de Goberno polo sector estudantes:
 - Pedro Manuel Carro Parafita
 - Alfonso Castro Rodríguez
 - Luís Saúl Cid Vera
 - Manuel Diz Folgar
 - Paula Gil Hidalgo
 - Raquel González López
 - Antonio Manuel Ramos Vázquez
 - Aroa Vázquez Alonso
- * Foi elixido membro da Comisión do Plan Estratéxico polo sector estudantes:
 - Pedro Manuel Carro Parafita
- * Foron elixidos membros da Comisión Electoral polo sector estudantes:
 - Luís Saúl Cid Vera

- Jessica Alejandra Carmona Rodríguez
- * Foron elixidos membros do Consello de Campus de Ourense polo sector estudantes:
 - Luís Saúl Cid Vera
 - Silvia Horjales Rodríguez
 - Patricia Pallas Otero
- * Foron elixidos membros do Consello de Campus de Pontevedra polo sector estudantes:
 - Sheila Bazo Abeledo
 - Ainhoa Docampo Pérez
 - Alejandro Virgós Soto
- * Nomeamento de Paula Gil Hidalgo como presidenta do Consello de Estudantes.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que

Universidade de Vigo

sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.